[MVAG/MCPP]

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes,** o día **5 de xuño de 2024, ás 16:00 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
María Encarnación Amigo Díaz
(Presidenta)
José Manuel Mato Díaz
(Vicepresidente)
Montserrat Valcárcel Armesto
(Secretaria)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
Raquel Arias Rodríguez
Victor Manuel Baladrón Lamas
(en substitución de María Elena Candia López)
Enrique Barreiro Sánchez
(en substitución de Rubén Lorenzo Gómez)
Cristina Campero Dorado
Juan Manuel Casares Gándara
Nicole Grueira Fernández
Noelia Pérez López
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Xosé Luís Bará Torres
Secundino Fernández Fernández
Ariadna Fernández González
Sonia Vidal Lamas
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Lara Méndez López
María del Carmen Rodríguez Dacosta
Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo

Comparecente:
Director xeral de Planificación e Ordenación Forestal
Letrada:
María Vicenta Aneiros González

PARLAMENTO DE GALICIA

O señor presidente –en funcións– abre a sesión e rógalle á señora secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución, así como as pertinentes substitucións.

Logo da constatación da existencia de quórum o señor presidente –en funcións– comunica que producida a vacante do cargo de presidenta da Comisión, pola renuncia da súa titular (doc. 5048) e resolución da Presidencia do 29 de maio de 2024 (doc. 926), procede elixir unha nova Presidencia. Dado que esta elección non está na orde do día da sesión da Comisión prevista para hoxe, proponse, ao abeiro do disposto no artigo 73.2 do Regulamento da Cámara, a súa alteración coa inclusión dun punto preliminar consistente na elección da Presidencia da Comisión.

Posto que non se manifestan obxeccións nin oposición a esta proposta por parte dos demais membros da Comisión, apróbase por asentimento (artigo 88 do Regulamento da Cámara) co que queda incluída na orde do día o seguinte punto preliminar:

Punto Preliminar.- Elección Presidencia da Comisión
(*12/CEEM-000022)*

Xa que logo, vacante a Presidencia desta Comisión, procédese á súa elección mediante votación nominal.

O señor presidente –en funcións– lémbralles á súas señorías que deben escribir un só nome na papeleta e que resultará elixida/o presidente quen obteña a maioría absoluta; no entanto, os servizos da Cámara distribúen as papeletas.

Ao estar distribuídas as papeletas correspondentes comeza a votación. O señor presidente –en funcións– solicita da señora secretaria que inicie o chamamento, quen procede á lectura da relación das señoras deputadas e dos señores deputados que van depositando o seu voto na urna.

Ao rematarse a votación o resultado do escrutinio é o que se reflicte a seguir:

Presidenta:

María Encarnación Amigo Díaz (P)..... 9 votos
En branco ..... 8 votos

Total de votos emitidos ..... 17 votos

Resulta elixida **presidenta da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, María Encarnación Amigo Díaz**, quen pasa a ocupar neste intre o seu posto na Mesa da Comisión.

PARLAMENTO DE GALICIA

(Achégaselle a esta acta como anexo as papeletas cos resultados da votación do punto preliminar da orde do día desta sesión.)

A continuación, éntrase no desenvolvemento do punto primeiro e pásase ao debate da primeira iniciativa:

Punto 1. **Preguntas**

1.1 **406 (12/POC-000001)**
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Candia López, María Elena e 8 máis
Sobre o balance das axudas para a creación de superficies forestais como política de fomento da biodiversidade, da descarbonización e da multifuncionalidade do monte
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 6, do 05.04.2024

A señora presidenta, logo de agradecer a confianza do seu grupo para exercer este cargo de presidenta da Comisión, concédelle a palabra á señora Campero Dorado (P), quen procede á formulación desta iniciativa con ampliacións das argumentacións que dela se fan por escrito e que aparecen publicadas no BOPG que anteriormente se refire.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o señor director xeral de Planificación e Ordenación Forestal (Consellería do Medio Rural), José Luís Chan Rodríguez.

Na rolda de réplica a señora Campero Dorado (P), agradece a información recibida, que comenta brevemente e o anima a seguir traballando na liña que están traballando.

Péchase o debate desta iniciativa cunha nova intervención do señor director xeral de Planificación e Ordenación Forestal (Consellería do Medio Rural), José Luís Chan Rodríguez, quen puntualiza a súa intervención anterior.

A seguir, pásase ao debate da segunda iniciativa:

1.2 **1405 (12/POC-000221)**
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara
Sobre as variacións nos últimos anos da extensión dos principais grupos de especies forestais en Galicia, as repoboacións levadas a cabo e o orzamento destinado
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 13f3, do 18.04.2024

A señora presidenta concédelle a palabra á señora Rodríguez Dacosta (S), quen, logo de parabenizar á señora presidenta polo seu recente nomeamento, expón as razóns nas que

PARLAMENTO DE GALICIA

se basean as cuestións concretas que se conteñen na iniciativa e que aparecen publicadas no BOPG que anteriormente se cita.

Para a súa resposta intervén, de novo, por parte da Xunta de Galicia o señor director xeral de Planificación e Ordenación Forestal (Consellería do Medio Rural), José Luís Chan Rodríguez, quen rebate moitas das argumentacións expostas pola señora preguntante.

Na rolda de réplica a señora Rodríguez Dacosta (S), non concorda coa información recibida e insiste no tema obxecto de debate con novas consideracións ao respecto.

Péchase o debate desta iniciativa cunha nova intervención do señor director xeral de Planificación e Ordenación Forestal (Consellería do Medio Rural), José Luís Chan Rodríguez, quen contesta ás consideracións formuladas.

A Presidencia agradécelle ao señor Chan Rodríguez, a súa presenza e colaboración cos traballos da Comisión e descúlpao de seguir na sesión da que se ausenta.

A seguir, éntrase no desenvolvemento do punto segundo da orde do día e pásase ao debate da primeira iniciativa:

Punto 2. **Proposicións non de lei**

2.1 **460 (12/PNC-000018)**
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e 9 máis
Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central co fin de que se implique na situación que está a xerar no gando a enfermidade hemorráxica epizoótica
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 9f2, do 11.04.2024

A Presidencia concédelle a palabra ao señor Barreiro Sánchez (P), quen procede á formulación e defensa desta proposición non de lei que insta o Goberno galego a reclamarlle ao Goberno do estado apoio financeiro e adopte as medidas necesarias ante situación que está xerando no gando a enfermidade hemorráxica epizoótica -EHE.

A esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que aberta a rolda de grupos parlamentarios para fixar o seu posicionamento fan uso da palabra as señoras: Méndez López (S) e Fernández González (BNG); ambas intervenientes deixan constancia das súas argumentacións ao respecto co pronunciamento favorable da voceira do G.P. do BNG, mentres que a voceira do G.P. dos Socialistas non clarifica a súa posición de voto (nesta rolda de intervencións o voceiro do G.P. Mixto declinou a súa intervención).

Na rolda de puntualizacións o señor Barreiro Sánchez (P), comenta as argumentacións das anteriores intervencións e insiste na defensa da súa proposta (No decurso da súa

intervención a señora presidenta abandona o seu lugar da Mesa da Comisión, de conformidade co establecido no artigo 82 do Regulamento da Cámara e ocupa o seu lugar o señor vicepresidente).

A continuación, pásase ao debate da segunda iniciativa:

2.2 **3601 (12/PNC-000454)**
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández González, Ariadna e 3 máis
Sobre as actuacións que o Goberno galego debe impulsar ante a incidencia da enfermidade de Lyme en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 24f2, do 15.05.2024

A Presidencia concédelle a palabra á señora Fernández González (BNG), quen procede á formulación e defensa desta iniciativa de impulso, que insta o Goberno galego sobre as actuacións que debe levar a cabo ante a enfermidade de Lyme en Galicia que está afectando ao sector agrogandeiro e forestal.

A esta iniciativa se presentou unha emenda de substitución por parte do G.P. Popular de Galicia e intervén para á súa defensa a señora Amigo Díaz (P).

Na rolda dos grupos parlamentarios non emendantes intervén en primeiro lugar o señor Ojea Bouzo (M), quen se manifesta a prol da proposta formulada e da emenda de substitución do G.P. Popular de Galicia.

En segundo lugar intervén a señora Rodríguez Dacosta (S), quen, logo de expoñer as súas argumentacións a respecto da proposta formulada, anuncia unha emenda "in voce" que é do contido literal seguinte: "que se inste a Xunta de Galicia a que se realice, a través da Consellería de Sanidade, unha campaña publicitaria dirixida aos profesionais sanitarios de atención primaria co obxectivo de facilitar esta diagnose da enfermidade..."

Na rolda de puntualizacións a señora Fernández González (BNG), comenta as argumentacións das anteriores intervencións, reitérase na súa iniciativa, acepta a emenda de substitución do grupo maioritario e o rexeitamento da emenda "in voce" do G.P. dos Socialistas de Galicia.

A seguir, pásase ao debate da terceira iniciativa:

2.3 **3983 (12/PNC-000497)**
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Fernández, Secundino e 3 máis
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que manteña a denominación da indicación xeográfica protexida Vaca e Boi de Galicia en lugar do recente cambio realizado por

PARLAMENTO DE GALICIA

Vaca y Buey de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 28f1, do 22.05.2024

A Presidencia concédelle a palabra ao señor Fernández Fernández (BNG), que procede á formulación e defensa desta proposición non de lei que insta ao Goberno galego a que manteña a denominación da indicación xeográfica protexida Vaca e Boi de Galicia en vez do recente cambio Vaca y Buey de Galicia (no decurso da súa intervención a señora presidenta ocupa novamente o seu lugar na Mesa da Comisión).

A esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que aberta a rolda de grupos parlamentarios para fixar o seu posicionamento fan uso da palabra: o señor Ojea Bouzo (M), a señora Méndez López (S) e o señor Barreiro Sánchez (P); ambos intervenientes deixan constancia das súas argumentacións ao respecto co pronunciamento favorable do voceiro do G.P. Mixto e da voceira do G.P. dos Socialistas de Galicia, mentres que o voceiro do grupo maioritario amosa os motivos do seu rexeitamento.

Na rolda de puntualizacións o señor Fernández Fernández (BNG) agradece o apoio dos grupos da oposicións e discrepa do posicioamento manifestado polo grupo maioritario, á vez que se reitera na defensa da súa proposta.

Deseguido, pásase ao debate da cuarta e derradeira iniciativa:

2.4 **4483 (12/PNC-000549)**
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen
Sobre a medida que debe adoptar o Goberno galego logo da sentenza pola que se anulan determinados parágrafos da Orde do 28 de decembro de 2022, publicada o 4 de xaneiro de 2023, relativa ao Programa Impacto Autónomo 2023
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 31f2, do 29.05.2024

A Presidencia concédelle a palabra á señora Méndez López (S), quen procede á formulación e defensa desta iniciativa de impulso coa reiteración das argumentacións que dela se fan por escrito e que aparecen publicadas no BOPG que anteriormente se refire.

A esta proposición non de lei non se presentaron emendas, polo que aberta a rolda de grupos parlamentarios para fixar o seu posicionamento intervén, en primeiro lugar, a señora Valcárcel Armesto (BNG), quen, logo de deixar constancia da súas argumentacións ao respecto, anuncia o voto favorable do seu grupo á proposta formulada. (O voceiro do G.P. Mixto nesta rolda declinou a súa intervención).

En segundo lugar, intervén a señora Pérez López (P), quen explica os motivos polos que o seu grupo non vai apoiar a precitada proposta.

PARLAMENTO DE GALICIA

Na rolda de puntualizacións a señora Méndez López (S), comenta as argumentacións das anteriores intervenientes e solicítalle ao grupo maioritario que recapacite na súa posición de voto.

Ao esgotarse o debate, a señora presidenta somete a votación as proposicións non de lei, pola súa orde e cos resultados que se reflicten a seguir:

1) Iniciativa **doc. 460 (12/POC-000018), do G.P. Popular de Galicia**; Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos/as 17 deputados/as presentes con dereito a voto.

Ao remate da votación da iniciativa que figura como cuarta (2.4), doc. 4483 (12/PNC-000549), a señora Rodríguez Dacosta (S) advirte un erro na emisión do seu voto e da deputada do seu grupo, titular tamén desta Comisión, e solicita que se repita a votación desta iniciativa (2.1). A señora presidenta –con carácter excepcional– sométea novamente a votación e resulta **aprobada sen modificacións** por:

. votos a favor ..... 15 (GG.PP. P+BNG+M)
. votos en contra 0
. abstencións ..... 2 (G.P. S)

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno central, por medio do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, que tome en consideración a situación xerada e que adopte decisións, como o deseño dunha estratexia común en relación coa afectación da enfermidade hemorráxica epizoótica (EHE) no noso país, en favor dos nosos gandeiros e gandeiras, así como tamén a coordinación dun protocolo de actuación ante enfermidades emerxentes que afecta o noso gando.»

2) Iniciativa, **doc. 3601 (12/PNC-000454), do G.P. Popular de Galicia**; sométese a votación coa incorporación da emenda de substitución do G.P. Popular de Galicia, doc. 5319, e resulta **aprobada** con modificacións respecto do texto orixinal, **pola unanimidade** dos 17 deputados e deputadas presentes con dereito a voto.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Reclamarlle ao Goberno de España que inste a Comisión Europea a estandarizar os sistemas de vixilancia da enfermidade de Lyme como enfermidade profesional do sector agrogandeiro e forestal.

PARLAMENTO DE GALICIA

2. Dirixirse ao Goberno de España para instar a Comisión Europea a estandarizar os sistemas de vixilancia da enfermidade de Lyme e incluír unha implementación máis ampla de definicións de casos comúns.

3. Incluír a enfermidade de Lyme na listaxe de enfermidades endémicas de Galicia.

4. Elaborar un plan efectivo para coñecer que xenotipos de borrelia se padecen en Galicia e que distribución e infestación teñen as carrachas do xénero Ixodes pola devandita bacteria, e elaborar plans preventivos e informativos dedicados á poboación, en especial nas zonas máis afectadas.»

3) Iniciativa, **doc. 3983 (12/PNC-000497), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego**; sométese a votación e resulta **rexeitada** por:

. votos a favor ..... 8 (GG.PP. BNG+S+M)
. votos en contra ..... 9 (G.P. P)
. abstencións 0

4) Iniciativa, **doc. 4483 (12/PNC-000549), do G.P. dos Socialistas de Galicia;** sométese a votación e resulta **rexeitada** por:

. votos a favor ..... 8 (GG.PP. BNG+S+M)
. votos en contra ..... 9 (G.P. P)
. abstencións 0

Sen máis asuntos que tratar a señora presidenta levanta a sesión.

Remata a sesión ás 19:05 horas.

V. º B. º
María Encarnación Amigo Díaz
Presidenta da Comisión

María Encarnación Amigo Díaz

Firmado digitalmente por María Encarnación Amigo Díaz
Nombre de reconocimiento (DN): cn=María Encarnación Amigo Díaz, email=maria.amigo.diaz@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.06.12 12:18:04 +02'00'

Montserrat Valcárcel Armesto
Secretaria da Comisión

Montserrat Valcárcel Armesto

Firmado digitalmente por Montserrat Valcárcel Armesto
Fecha: 2024.06.12 11:03:52 +02'00'